

nós.



NÚM. 2

30 Novembro de 1920

NÓS

BOLETÍN MENSUAL DA CULTURA GALEGA, ÓRGÃO
DA SOCIEDADE GALEGA DE PUBLICAÇÕES «NÓS»

DIREITOR:
Vicente Risco

GERENTE:
Arturo Noguero

REDAUTOR-CHefe:
Xavier Prado (Lameiro)

SEGREARIO DA REDAUCIÓN:
Xulio Gallego

REDAUTORES:

Ramón Cubanillas, Alfonso R. Castelao, Antón Losada Diéguez, Ramón Otero Pedrayo,
Florentino L. Cuevillas, Leuter González Salgado

COLABORADORES:

Teixeira de Pascoaes, Johan Viqueira, Philéas Lebesgue, Leonardo Rodríguez, Antón Villar
Ponte, Wenceslao Fernández Flórez, Xaime Quintanilla, Antón Noriega Varela, Gonzalo
Abente, Manoel Banet Fontela, Lois Peña Novo, Eladio Rodríguez González, Ernesto Rivera,
Marqués de Figueras, Antón Palacios, Leonardo Coimbra, Amador Villar, Alvaro Cebreiro,
Alexandre de Córdoba, J. Cervaens Rodrigues, Xulio A. Cuevillas, Victoriano Taibo, Xulio
Prieto, Xosé Fernández Martínez, Farruco Lamas, etc., etc.

REDAUCIÓN Y-ADMINISTRACIÓN

Padre Feixóo, 12

ABONAMENTO

Doce números, na Península. 6 ptas.

* Fora. 15 "

Número solto, 60 cts. na Península, 1'50 ptas. fora

Este boletín non publica mais orixinais que os que foran directamente solicitados pol-a Dirección. — Tampouco se fai solidario das idelas n-elas emitidas, non sendo das que por non íren firmados, enténdense que son da Redacción.

SUMARIO

Coimbra, PHILÉAS LEBESGUE.

Teoría cuase trascendental de velocidade, ANTÓN LOSADA.

O Nacionalismo musical galego, JAIME QUINTANILLA,
Portugal e Galizia.

¡Ten fé, poeta, XAVIER PRADO, (Lameiro).

Política social, ARTURO NOGUERO.

Archivo filolóxico e etnográfico de Galicia.

Os homes, os feitos, as verbas:

Castelao en Ourense.

Jean Revel.

As letras catalanas en Galizia e as letras galegas en Cataluña

Libros.

Revistas.

Fora de texto: A tola do monte, CASTELAO

NOS

MANUEL SEOANE

AXENCIA DE FERROCARRILES

Madeiras labradas de todas clases

Mécanse APEAS pra minas

Ponte Mayor - OURENSE

BODEGAS GALLEGAS PEARES-ORENSE-(ESPAÑA)



PEDRO ROMERO Y HERMANOS

MEDALLAS

Santiago 1909
Valencia 1910



DE ORO

Buenos Aires 1910
S. Juan de P. Rico 1911

Samaniego

Fotógrafo
de Poda

Luis Espada, n.º 13

OURENSE

NEUMÁTICOS

Michelin

SEMPRE ACABADOS

DE FABRICARE

Gasolina

Lubrificantes

DEPÓSITO

OFICIAL

ALFONSO ABEIJÓN

PONTE MAYOR

(OURENSE)

NÓS

GRAN "HOTEL MIÑO,, OURENSE

O ÚNECO DA CAPITAL CON CALEFAUCIÓN CENTRAL
AMPLIAS HABITACIÓNS :: COARTOS DE BAÑO
PENSIÓN COMPRETA DENDE 12 A 60 PESETAS

Propietario: ANDRÉS PERILLE :: Teléfono 21

Merquen: PLUMEIROS DE RAFIA "PERILLE,,

OS DE MAIS DURA, OS QUE MILLOR LIMPAM, OS MAIS ECONÓMICOS

BOAS UTILIDÁS OS REVENDEDORES

FABRICANTE

ANDRÉS PERILLE
OURENSE (España)

Clave A. B. C., 5.ª edición

REPRESENTANTE N.º A ARGENTINA

JOSÉ MARTÍN

Calle Venezuela, 986

BUENOS AIRES

Casa "PERILLE,,

FERRETERÍA :: LOUZA :: CRISTAL
MOEBLES ECONÓMICOS E DE LUXO

FRABICACIÓN DE COLCHÓS PATENTADOS

Vostede pode montar a súa casa con solo visitar isto establecemento, obtendó a maximum d' economía.

Paz Nóvoa, 9 - OURENSE



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA, ÓRGÃO
DA SOCIEDADE GALEGA DE PUBLICAÇÕES "NÓS,"

Ano I

Ourense 30 Novembre 1920

Núm. 2

COIMBRE

A JÓÃO DE DEUS RAMOS



*Coimbre, ville savante et qu'un songe parfume!
Comme un visage d'amour tendre et de douceur,
Le soleil souriant au travers de la brume
Et sur les coteaux bleus accrochait des roseurs.
Sur le blond Mondego, flânant parmi les sables
Des reflets de metal couraient, insaisissables;
A croujétons, et debout même, les pieds nus,
Des laveuses chantaient, et leurs airs ingénus
Aux frissons du choupal melaient leur nostalgie.*

*Coimbre, ville de grâce, aux échos d'elegie!
Nous errions près de l'eau paresseuse et le vent
Soussait au ciel, comme une flotte de magie,
De légères vapeurs couleur d'or et d'argent:
Te souvient-il, poète ami, de cette enfant
Que nous avons croisée au bout du pont de pierre,
Et dont les yeux baignés d'ombre, sous la paupière*

*Palpitante, semblaient deux fontaines des bois?
Nous devisions d'Inés. Les vers des Lusiades
Melancoliquement m'encharmaient par ta voix,
Et des sanglots semblaient errer sous les arcades;
Des appels langoureux d'anciennes sérénades
Semblaient, au choc du vent, s'évader des toits roux;
L'enfant te salua gauchement. Je vis luire
Ses dents blanches. Et tu lui dis des mots très doux
Qui mettaient dans son œil plus humide un sourire.
Apôtre sans orgueil, je t'admirais ainsi,
Incliné vers le peuple à qui tout est souci,
Sentant que traversant les siècles d'un coup d'aile,
Mon rêve retrouvait dans les yeux de l'enfant
Toute l'âme d'Inés, humble, frère et fidèle.
— « Vers la Source historique irons-nous plus avant? »
Demandais-tu, le doigt tendu vers Sainte-Claire,
Et moi, je contemplais l'indolente rivière,
D'où semblaient se lever des ombres.*

« A quoi bon? »

*Répondis-je. Un hasard à l'esprit vagabond
Dans un regard de femme enseigne davantage
Que l'inerte matière ou le docte langage.
Le vieux songe de Coïmbre est en moi désormais
Et, pour donner son sens à mon pèlerinage
Une fille du peuple a suffi.*

Les sommets

*Vers l'horizon doré herissaient leurs verdure;
Les orangers offraient au soleil leurs parures
Et comme nous montons lentement vers la Tour,
La ville du Savoir semblait rêver d'amour.....*

PHILÉAS LEBESGUE

TEORÍA CUASI TRASCENDENTAL DE VELOCIDADE



O conceito do Tempo y-o do Espacio é un tema eternamente actual y-un Tema-eixo d'a especulación científica e filosófica. Non imos a nos meter agora n-il d'un xeito científico. Non imos comentar a Kant ou a Bergson, anque sin quere-lo podamos dare c'os vellos razonamentos de Zenón de Elea. Estas observacións, fillas, podería dicir, d'unha intuición, chegaron ó meu convencemento sin qu'aínda lles pudiera atopar unha base científica.

As relacións do Espacio e do Tempo poden ter un fondo sinificado e n-elas poderíase ver unha espiación filosófica da vida; mais sobre todo, d'elas nasce unha teoría do desenvolvemento da Velocidade n-o mundo que me parece euase trascendental.

Foi sempre unha tendencia do home camiñar d'un lugar a outro o máis aixinha posíbel. O se movere co'a velocidade que cumpre n-un caso dado, foi dend'os máis antigos tempos unha posibilidade que sinificou forza física y-económica. Eisi os vellos patriarcas, os xefes d'as tribus nómadas y-os grandes guerreiros. Os seus gandos, as súas bestas y-os seus carros eran a expresión da potencialidade súa.

Somentes os probes d'alma fallos, d'inquietude, y-os probiños de corpo, fallos de forteza íbanse quedando ó derradeiro. A potencia de velocidade era o trunfo n-a vida, un istrumento de dominación. Os escravos e toda a caste de servos, collíanse pra deixalos n-as casas ou n-os eldos, n-a inmovilidade do traballo diario, ou pra seren unha axuda máis ó servíciu da Velocidade dos poderosos.

Por moito tempo, por moitos sigros, quen non tivera un faco, ou un carro, ou un barco, e quixera se movere, habíase resinar ás longas camiñatas a pé, ou camiñar dentro d'a y-alma.

Chegaron ó fin os tempos en qu'os istrumentos de viaxar, as vellas dilixencias (n-o tempo de Lois XIV saíron as primeiras carrozas d'alquiler n-a cidade de París), os barcos de pasaxe y-os primeiros trens ademitiron a todol-os homes. A velocidade foise facendo popular; máis aínda era un luxo

Trasformada toda a organización social, a

máquina da vida industrial e comercial nóva impuxo a grande velocidade. Como unha de tantas rodas ou correaxes de transmisión, os probiños d'outros tempos, proletarios d'hoxe, sentiron a imposición do máis bulideiro movemento. A velocidade non era xa un luxo, sinon un mandamento da vida.

O desenrolo dos medeos de movemento co'a enerxía eléctrica y-os nóvos motores, todo elo aínda custoso e difícil de conseguirse, parece establecer unha nóva diferenca antr'os que queren camiñar á maor présa. Son os ricos, y-os fortes, os comerciantes y-os soldados quen viven a oito a vida da velocidade.

A roda da civilización non pode parar e colle n-ela ós traballadores, que se ven envoltos n-o movemento, y-a eles é a quen a sociedade pide o máis grande esforzo. Vense forzados a camiñaren co'a mesma présa dos poídeses.

Unha cidade moderna de vida industrial ou comercial, ou un centro mineiro, son un enxamio de movementos y-unha longa mostra de velocidades. Os obreiros que, pra acolleitaren vivendas de pouco custo, van viviren n-as aforas, pra chegare a tempo ás fábricas y-ás tendas, teñen qu'aproveitar bicicletas, tranways, camions, trens... Os mineiros, pra s'afundiren n-a terra ou rubiren ós cotos d'esprotación, fanno n-ascensores de toda eras. Y-os trens aéreos ou subterráneos d'as grandes urbes, n-as horas da mañán e da noite, échen-se de traballadores...

Podemos tel-a seguranza de qu'o aumento das posibilitás da velocidade ha siguir e'o progreso da técnica industrial. Os homes que pra viviren precisen un traballo a oito, non se poderán endexamáis liberare de siguir-o camiño do progreso da técnica. Si un automotore de servíciu público fai 200 kilómetros á hora, n-il hanse meter os operarios, pra chegaren ben a tempo ó seu traballo.

Outro feito. Os capitalistas, os homes que teñen liberdade n-a súa vida económica, os directores d'empresas, os traballadores da intelixencia, non teñen a cotidiana e regramentada esixencia da velocidade. Si queren, poden camiñar paseniño.

Imaxinando unha vida normal n-o porvir, n-a qu'os viaxes se fagan pol-o campo ou do

campo á cidade a unha máxima velocidade, é moi doado creere qu'os homes hanse afacer a ollar a Natureza n-o xeito en que se lles ofrece ó pasar por diante d'ela.

Cando pasamos c'unha grande rapidez, o paisaxe valse alongando, e d'as cousas somentes vemos o máis esterior da súa forma, vémoslas esquematizadas n-o dibuxo e si se pudiera dicir n-a coor. Supoñamos á máis da xente afeita a pasar fuxindo diante das veigas y-as fragas, e toda a visión da Natureza será apaisada y-esquemmatizada.

Podemos supoñer aínda que despois de longos anos d'adaptación, os ollos do home d'hoxe xa non poderán mirar como aínda nós miramos. As imaxes d'as cousas: prantas, albres, follas, herbas, gromos, froles e d'a máis da fauna do campo, serán imaxes mortas, dibuxadas n-un alongamento e d'unha coor envolta en brétema. A liberdade do home ficará baixo o imperativo do engranaxe da vida, que l'impón un leixamento da Natureza.

¡Qué estraneza a d'un home e qué festa pr' a súa curiosidade o vere preto de sí, n-a calma d'un esparxemento, un albre, follas, ou paxariños!

E podería chegar un tempo en que, o sino de forteza e de grande potencialidade, sería o camiñar a pé deténdose con agarimo a carón de toda cousa da Natureza libre.

II

Hastra d'agora cuasementes, non os referimos máis qu' ó movemento enxebremente físico y-esterior, máis a traveutoria da Velocidade, en total-as manifestacións da actividade humán, foi y-é somellante.

Dend' os tempos máis lonxanos os intereses comerciáis fixeron imprescindíbel a rapidés n-a comunicación antr' os homes. A vida do comercio foron os camiños dos mares e dos ríos. Os homes que vendían e mercaban levaban a representación da capacidade produtiva das súas terras. Inda non abundaba isto, e viñeron as fatorias y-estabrecimentos permanentes de toda eras, a maneira d' imaxes dos países d'orixen, n-outros países alleos, e logo a difusión pol-as armas no *hinterland*, da potencialidade polítea y-económica.

O *cambio*, na forma de *troque* inmediato d' uns produtos por outros foi o comenzo das transaccións mercantís. A transformación do *troque* en *venda* e *merca* pol-o intermedio do diñeiro, foi o sinal da velocidade nas relacións comerciáis antr' os homes. Xa non era a produción humán enxebre a que servía d' instrumento único n-esas relacións.

O diñeiro axeltaba millor pr' á rapidés do *intertroque*, máis tamén co' il as relacións humanas s'esquemmatizaban, pois a *moeda* non é outra cousa qu' o esquema d' un valore en troque.

O máis grande progreso y-a transformación fonda do comercio naceron do *creto* comercial. O *creto* é a máis sinxela simplificación das relacións mercantís. O *creto* da unha velocidade tal ó diñeiro como intermediario, que chega a suprimil-o, substituíndoo por verbas y-hastra por unha solla, y-eisí un valore comercial, un produto da natureza ou da industria, ou unha grande cantidade de diñeiro chega en imaxen, sin perder ningunha cousa do seu valor, con seguranza compta y-o máis axiña posíbel da Europa á América. O desenrolo do contrato de cambio ven d'ise xeito a aumental-as posíbilas d' unha máis grande rapidés.

Y-agoa coñecemos os tempos n-os qu' unha sinxela parola telegráfica ou in-arámica establece unha relación y-un contrato antr' dúas asociacións mercantís por importantes que elas sexan.

A institución dos viaxantes de comercio, xa c' o seu nome leva dito que o trunfo comercial era cuestión de movemento e velocidade: son as casas produtoras y-os grandes almacéns os que se trasladan d'un lugar a outro n-a, persoa do viaxante, y-esto é tamén o que sinifican as representacións permanentes dos grandes produtores y-almacenistas.

Referímonos n-esta descrición, somentes ás grandes forzas da industria e do comercio. A veira d'elas, aínda viven os pequenos traballadores que de casa en casa ou de feira en feira, levan, levan paseniño os seus artigos, ofrecéndoo á venda. Fixado un preceo n-as grandes tendas, pra suprimir verbas inútis, porque o tempo cumpre, somentes a realidade eterna do intertroque humán téñ unha representación n-eses pequenos comerciantes d'os camiños, c' os que s' axusta e se rallea a oito.

Na vida mercantil normal dos pobos, n-as suas grandes operacións, os homes xa non falan c' os homes y-as palabras qu' enchen as cartas d' os tratos ou os sinos telegráficos, son esquemas d' unha actividade humán. Suprímese a escritura persoal, e pra borrar-as características individuais humans, emprégase unha máquina que faga somellantes total-as escrituras. Dúas verbas abundan, e levan un valore d' exactitude matemática, suprimindo o parolar espresivo de calquer xeito de sentimentalidade. Y-eisí a velocidade comercial aumenta y-as relacións antr' os homes espállanse, máis istas mesmas relacións, coma todo o característico da fauna

humán, s'esquematiza. Trátanse os homes das máis lonxanas terras, pro non coma homes, senon como instrumentos d'unha andrómenea en movemento.

N-un grande *crac* financeiro, que colla n-o esnaquizamento a unha multitude d'homes, ricos e probes, orfos e fortes, a psicoloxía humán non está integralmente representada: falla o sentimento. N-ise feito tan diario da vida moderna, traballan predominantemente a intelixencia y-a vontade, porque as súas esterioresizacións están máis axetadas á esquematización xeral: todo se resolve en números e combinacións activas. Mais, quen se lembra con simpatía dos malferidos pol-o *crac*? Están lonxe, non se trata de homes con nai, muller ou fillos, trátase de acredores, debedores e tenedores d'un valore cotizabre.

Y-eisí, hastr'os grandes praceres ou doores posibles n-as outras combinacións financeiras, resolvénse n-unha inquietude d'espectación no fuxir da corrente das transaccións, dependendo moitas veces da materialidade do transporte ou do *outillage*.

Vese ben qu'a produción da núa concencia, o millor de nós, convírtese n-unha cousa valo-

rabre d'un xeito métrico-decimal, é decire, que s'obxetiva por compredo. Todo acto mercantil é primitivamente un acto humán, e'un valore subxectivo, mais ó simplifical-o pra que poida se movere o máis rápidamente, convertíndoo n-un sino, xa non é acto humán, é unha cousa que non está n-a núa concencia, senon no mercado, suxeta a toda influencia esteriore.

Todo isto qu'asomella unha dinámica vital ademirabre, mais adiante veremos que se traduz en estática enxebre, e canto mais bule ise movemento esterior, menos dinámica vital humán encerra.

Que grande pracer o se poderen parar un instante os homes, e coñecérense tales, e falaren coma homes! Mais pra isto tamén, somentes son doados os máis ricos e fortes. Un poderoso financeiro aínda pode *sentir* n-os seus tratos, tén os seus sobranes e pode facer un favore. Os números do seu libro son duplicados pol-o menos. Un financeiro corrente non pode dar un dos seus números, sin alteral-a serie: o favore non entra n-as súas posibilidades de caixa, n-a que xiquera pode ter pechado o corazón. O porvir non leva ese camiño.

(Continuara)

O NAZONALISMO MUSICAL GALEGO



falare do nazonalismo musical eu ben sei que pol-o mundo hai e houbo os Vincent d'Indy e os Debussy e os Ravel, defensores do universalismo musical.

Eu ja sei que pol-o mundo adiante din as gentes qu'a música non é unha arte nazonalista, posto que o seu linguaie é intelixible pra todo o mundo, e qu'a obra d'un francés, por exemplo, é perfectamente diáfana pra un chino. Pro eu ben sei, tamén, qu'os que tal din non son capaces de diferenciar a un chino d'un francés.

Dise com-unha cousa núa isto de qu'a música é intelixible pra todo o mundo, como si non sucedera o mesmo co' as outras artes belas. Tamén a pintura é intelixible pra todol-os que non seian cegos. O cadro d'un pintor framengo,

poño por caso, é intelixible pra todol-os que teñan ollos na cara. Pro ¿vaise por isto a soster que non hai escolas pictóricas? ¿Vaise soster qu'as y-almas nazonales non deixaron, na pintura, asinalada a sua pouta?

Co' arquitectura e a escultura pasa o mesmo. ¿E quen confundiría, aínda que falen n-un linguaie universal e humano, unha estatua greca c' unha egipcia? ¿Quen non diferencía un templo budhista d'unha cratedal gótica? Decire, pois, qu'a música é intelixible pra todol-os homes é non decire nada; millor dito: é decire unha parvada. Ise linguaie universal fala d'un jeito nas «Danzas Noruegas» de Grieg e d'outro diferente nas «Hespañolas» de Granados. O noruego entende istas e o español entende aquelas. Pro ¿quen dúbida que falan de jeito diferente? ¿Quen pode confundire o núa *atalá* c' unha malagueña? ¿Quen pode pór en tea de juízo que na

música choutan, fortemente vivas, as almas dos pobos; que cantan as almas dos pobos en formas diversas e que a música é, por escellenza, unha arte fondamente nazonalista? ¿Quén pode deixare de sentir qu'entre o noso mais cativo *alalá* e a música «sabía» de moitos *modernos* —sébase qu'eu non vou, nin moito menos, contra o modernismo—hai unha ponte infranqueable: que frente ó recendo, ó aroma do canto saído das entranas mesmas da nazonalidade, a música feita sin sentemento, de calqueira formiga de Conservatorio, é unha parvada,—todo o sabía que queirades—mais sin o perfume aloumiante do cantar do pobo?

II

Pedrell—o musicólogo catalán, coñecido como ben sabedes en toda a Europa—perguntase a si mesmo na súa obra «Lírica nazonalizada» como é posible que unha nazón tan rica como a Hespaña en cántigas populares, non deixara un soilo acento, un soyo! n-un canto engebremente nazonal; un soilo acento, por cativo que fose, dendes do punto de vista musical. E Pedrell non atopa co' a resposta. E a resposta é crara, a resposta é lostregueante. E que a Hespaña non é unha nazón, senón un feixe de nazóns. E que a Hespaña poderá sere un Estado, unha allada política, o que queirades; pro non é unha nazonalidade. A FORMA POLÍTICA ESTADO NON É NIN PODE SERE DETERMINANTE D'ARTE ALGUNHA. Véjase o fecundo labore d' o Peter Bénéit co' a música framenga, qu' é un exemplo vivo de como n-outro Estado, o belga, danse as mesmas circunstancias que no hespañol. O Bénéit qu' era un nazonalista, sostiña que «toda arte forma unha parte da vida social d' un pobo, e as melodías populares, a rítmica e o *color* armónico d' isas melodías, corresponden ás particularidades étnicas da raza que n-íl vive.» «Os cantos populares—según Bénéit—acusán, craramente, qu' o jeito da lingua, non menos qu' a natureza e o temperamento étnico, imponen unha ou outra forma melódica, tal ou cal ritmo.» E o Bénéit, que fizo toda a súa música sobre de poemas nazonais framengos, chegou, nas suas derradeiras disposicións, a prohibire que se cantase a súa música no país de Frandes n-outra lingua que non fose a framenga.

Os cantos, pois, saídos das difrentes nazonalidades ibéricas, e consustanciados co' a lingua que os creou,—pois como dijo o Leopardi, «se non pode destilar da frolla d' un canto o recendo da verba qu' o evocou»—non podían integrare o seu espírito n-un canto sintético da beria, canto feito en lingua estrana á primeira

creadora. A Hespaña non pode, pol-o tanto, dar un soilo acento musical nazonal. Non hai, pois, nin pode haber música hespañola. E o buscala, o tratar de creala é, sinxelamente, un absurdo, unha verdadeira monstruosidade: somentes facedeira pra os artesanos, e non artistas, autores de todas as metempsicosis jeroglíficas.

Hai música galega, vasca, asturiana, andaluza, aragonesa, castelán, catalana... Pro non hai nin pode haber música hespañola. Fóra da Hespaña pasan por música hespañola as *granadinas*, as *sevillanas*, as *malaqueñas*, que ben craramente espresan, co seu nome, que son músicas LOCALISTAS e privativas d' unha soila nazonalidade ibérica. Coido que foi o Barriobero, quen propuxo ou quixo propor ás Cortes que a «jota» decaerárase himno nazonal hespañol. Y eu perguntárialle: ¿pro que «jota», meu amigo? ¿A navarra, a aragonesa, a murciana, a valenciana? ¿Porque a «jota» hespañola non a coñece ninguén, a non sere que non seipa nin «jota» d' istas cousas! ¿E a música hespañola non aparece por parte algunha!

III

A nósra música é principal e cuáseque enteiraamente, religiosa ou litúrgica. Os chamados «*modos auténticos*» ou *maestros* e *plagales* ou *derivados*—da música antiga,—estímanse d' orixe grego, non porque o seian realmente; senon pol-a súa similitude ou somellanza c' os modos gregos, derivados, como sábese ben, d' Asia e seguramente d' orixe ariano. Próbao o feito dos nomes d' algúns dos «modos» da Grecia: *frigio*, *lírio*, etc.

Ista música grega era «*diatónica*»; fundábase sobre o chamado «*tetracordo*»: é decir, que non coñecía as *accidentales*—*sostidos* e *bemoles*—nin por tanto, o *cromatismo*. Decir modos musicais gregos é, pois, decir música *ambrosiana*, música *gregoriana*, música *litúrgica*; é decir, n-unha verba, música galega: tamén, esencialmente, *diatónica*.

O carauter principal da nósra música é o de sere antiga. A música antiga crasificase tendo en conta o invento do chamado *acorde de 7.^a*, ó que chámase, tamén, *nota sensible*. Iste acorde que carauteriza os «modos» modernos, ou «tonalidades» de «maior» e «menor», é de mediados do século XVII. A música moderna non téñ mais que eses dous *tonos*; ou «modos», pra lles chamaren ó jeito dos antigos. Pois ben; toda música na que non apareza o *acorde de 7.^a*, a *nota sensible*, é música antiga.

Outro carauter, a unha veira o modal e diatónico, da música vella é o ritmo. O ritmo mu-

sical é silábico; n-ele, a música supeditase enteiramente á letra, e a prosodia é a dona do ritmo: ó que chámase, tecnicamente, «ritmo libre».

A nós música tén, perfeitamente, ises dous caracteres da música antiga: é, como ela, diatónica e de ritmo ceibe. E istos dous caracteres non os tén ningunha outra da Iberia.

Nóscos temos, pois, un nacionalismo musical.

IV

Un problema que preséntase a todo diligente folk-lerista, a todo músico «honradó», é a armonización da música popular. Y eu coído qu'hai que ter en conta un principio, que penso inconmovible, pr'armonización da música nacional d'un pobo. Iste principio é a armonía propia dos instrumentos propios. Porque si é certo—y eu coído que sí—qu'a música existe mais ben, no espírito humano, como principio armónico que como principio melódico, certo será, tamén, qu'o pobo que fizo determinados instrumentos con escadas determinadas, tiña, no seu espírito, un principio armónico tamén específico. A zanfonia e a gaita foron creadas, co'as suas escadas respectivas, porqu'o pobo galego tén na sua y-alma armonías que, abertas, descompostas nas suas notas compoentes, daban isas escadas. O músico compenetrado co espírito armónico da nós raza tén que non esquecer o roncón da gaita na armonización da nós música. Isto non quer decire qu'a *pedal* úsese decote, sin tón nin són e porque sí. Mais en certa cras de música a *pedal* pode sere unha necesidade. Quero decire, aínda mais craramente, qu'armonización, en determinados, débese facer tendo en conta a *pedal*, como si ela existira sempre, e sin qu'armonía atópese en desacordo co'a presuposta existencia d'aquela nota.

A mais pura música galega, a melodía mais enxebre, armonizadas d'outro jeito, perderían o seu mais fino recendo. D'eiquí a necesidade, non sollo de coñecere a armonía propia dos nós instrumentos,—tanto a zanfonia como a gaita son instrumentos diatónicos—sinon a de sentir na y-alma a mesma armonía da nós Patria; o sentila tan intimamente, tan fondaamente, que se non sinta ja, de forte e fonda que será, porque veña ja de sentir todo o da Terra: beleza, aire, lus, brétemas, fala e dores; os mesmos odios e o mesmo amor.

V

Na nós música cantada o diatonismo e o ritmo ceibe vense na sua pureza integral.

O ALALÁ é diatónico, enxebremente gregoriano.

Os CANTOS DE CEGOS conservan, na estrófica,

a mesma disposición das formas poéticas dos troveiros (sátira, canto dialogado con arte «lexapré»). Tellen as mesmas características tonal e rítmica.

Os AGUINALDOS, NADALES, PANJOLIÑAS, ANIXOVOS e REISES son verdadeiras derivacións das *secuencias* da Eireja. Con citar o seu orixe, abonda.

As CANTIGAS se non poden crasificare. A maior parte d'ilas responden á característica general da nós música.

O CANTAR DE PANDEIRO é do mais enxebre do nós folk-lore.

Na música de danza e instrumental ja vense mais craramente as influencias alleas e dos tons maior e menor. Aínda eisí das DANZAS DE ESPADAS, DE ARCOS e DE CINTAS; DOS MAYOS—¡lembranza da vella COREA, da «gnosiana» grega!—consérvanse elementos francamente enxebres. Nas mesmas MUÑEIRAS e ALBORADAS, quezaves o mais impuro da nós música, hai elementos d'abondo pra o nós nacionalismo musical.

VI

Eu vos digo, músicos galegos, rapaces artistas; ehi, na nós fermosísima música, tedes unha enorme canteira. No *outro* tedes todol-os «ismos» imaginabres. Si vivides divorciados da Raza, conservatorizar todo o que poidades, ¡que vos non arrende a ganancia! Si sentides á vós Terra no recuncho da y-alma, deixala qu'ela cante, ¡ceibel, como cantou dendes da eternidade; que chore co seu propio acento e que ría coa sua propia risa. Volo premiar a y-Arte, tan humana—¡a divina!—que sabe todo o humano qu' é o sentimento da Patria e qu' a Patria é o mais grande amor dos humanos.

Hastra d'agora foron os «ismos» non trashedentades os que roubaron as faternas dos nós músicos. Hai músicos galegos que son, mais qu'italianistas, italianos,—ó jeito de Tosti—e autores das «basuras de salón», como chamoulles o Galdós ás romancillas cursis de romate, feitas pra engayolare ás donicelas románticas, educadas nas *Escuelas d'Amigos do País*.

Italianistas, wagneristas: valeiros d'alma propia, n-unha verba, e sin que fíxeran nada trascendente nin pra eles nin pr'á Terra nin pr'á Humanidade.

¿Técnica do futurismo musical galego?—O ESTUDIO DA VELLA TRADIZÓN MUSICAL. (Estudio perfeito, poi-o tanto, da *música gregoriana*.)

¿Espírito nóvo da nós Arte música?—Unha soila verba: GALEGUISMO.

JAIME QUINTANILLA

PORTUGAL E GALIZIA



onrouse o primeiro número de NÓS c' unha soberbia páxina que o Mestre Teixeira de Pascoaes quixo dedicar ós xovens poetas galegos. Outa mentalidade representativa, a do Poeta d' Amarante, das mais fondas arelas qu' acariña dend' a eternidade, a y-alma saudosa de Portugal. NÓS tiña solicitada esa páxina, do Mestre hai tempo tan querido. Co' elo xa NÓS daba a coñecer como sinte a solidariedade espiritual de Lusitania e Galizia.

Sempre arelaron as Irmandades da Fala, qu' os dous pobos irmaus se coñeceran e s' amaran. Era, mais que un simples intercámbeo, unha verdadeira colaboración na obra da cultura, o que se quería. A *Nósa Terra* leva feito moito n-ise camiño. Eli acollíanse con ledicia os escritos de José Joaquín Nunes, Antonio Sardinha, Luis d' Almeida Braga, Novais Teixeira y outros moitos escritores portugueses. Eran tamén os artigos d' Antón Villar Ponte y as mociós qu' il presentou ás Asambleas nacionalistas de Lugo e de Santiago.

Logo, dempois d' un viaxe do Sr. José de Figueiredo, ilustre arqueólogo e crítico d' arte, pol-a nósa Terra, *Atlántida* de Lisboa acollía a colaboración dos nósos compañeiros Risco, Cabanillas e Castela. A pouco, principiaba Risco en *A Nósa Terra*, os seus estudos sobre da moderna literatura portuguesa e comunicábase a cotío co Teixeira de Pascoaes e mais co eminente lusitanista francés Philéas Lebesgue.

Ó tempo, Portugal decatábase do nóso esforzo de reconstrución da Patria Galega y-ollaba pra nós con simpatía. As verbas amigas iban chegando a nós en cartas cheas de curiosidade e de sentimento fraterno. Eran os espíritos mais escolleitos das nóvas xeneracións: o gran pensador Leonardo Coimbra; os poetas Alexandre de Córdova, Manuel de Figueiredo, João de Castro; os pintores João Peralta e Armando de Basto; o Tenente Pina de Moraes y-o poeta e crítico José Cervaens Rodrigues. E moitos mais, aínda.

E agora é a prensa toda de Portugal a seguir ise nobre sentimento de fraterna simpatía. Un día é Artur Ben Bosh en *O Popular* de Lisboa; outro é Cervaens Rodrigues no *Jornal das Notícias* do Porto, e mais *O Comércio do Porto* y-a *Ilustração Portuguesa*... Son moi dinos d' especial

atención os artigos do Pina de Moraes en *O Primeiro de Janeiro*, nos que o ilustre escritor bautiza a nósa arela nacionalista co'a verba reveladora de *Pangaleguismo*.

Ora, o *pangaleguismo*, na súa esencia transcendental, en canto obra espiritual, en canto creación de cultura, fica ben espricado nos anacos de cartas que o Mestre Teixeira de Pascoaes escribén ó nóso compañeiro Vicente Risco e que NÓS trascribía no seu número derradeiro. Teleolóxicamente, o pangaleguismo é o que o mesmo Risco tiña chamado *neo-atlantismo*, a creación do Nóvo Mundo occidental... Elo, non digo s' intresa a Portugal, que tanto mundo domía co'a súa língoa, mais qu' irmá da língoa galega.

Eis ós nósos ollos, maravillados d' óllar as perspectivas sen fin que s' abren no lonxe diante da nósa cobiza saudosa...

A intención, hoxe, dos nósos amigos, como manifestan as súas comunicacións recentes, é chegar aixíña n-iste camiño ás realizacións prácticas: a venda en Galizia de libros portugueses, e de libros galegos en Portugal; visita a Portugal dos nósos artistas y-escriutores, e dos artistas y-escriutores portugueses elquí; compre mencionar tamén os Xogos frorais galaico-lusitanos que pr' á primavera próxima orgaiza o Sr. Cervaens Rodrigues. Eis o que d' unha banda e da outra estase estudando de común acordo.

NÓS quere ter a súa parte n-ise movemento que leva un car' ó outro ós dous pobos irmaus, n-ise movemento cheo de promesas groriosas. Temos solicitada a colaboración do eminente filósofo Leonardo Coimbra, e tamén honrarán as nósas páxinas Alexandre de Córdova, João Peralta, Cervaens Rodrigues, e outros ilustres amigos nósos. Temos mentes de dedicar un fondo estudio ás letras portuguesas nas nósas páxinas. O cambeo co' as milloras revistas lusitanas foi dend' o principio unha das nósas arelas.

NÓS, órgao da cultura enxebre, proclama outamente o valor universal celto-atlántico da cultura galaico lusitana, que foi unha sola na época groriosa en que s' escribiron os *Cancioneiros*, a *Crónica de Troia* y-a *Demanda do Santo Graal*. O movemento pangaleguista será unha renovación dos tempos en que a nósa nacionalidade foi mais fecundamente creadora.



—Éralle unha rapaza bonita e ben
asisada e din que foi unha meiga
quen-a enfeitizou, e despois de perder-o
xuício tivo un fillo e contan qu' era
do demo. Chámanlle a tola do monte.

Así falou un vello, que camiñaba
por da miña besta ferrada, cando eu
era médico rural.

CASTELAO



¡TEN FE, POETA!

*Á sombra d' un carballo un probe poeta
Buscáballe remate a unha cuarteta
Sin conseguir toparlle a «xuramento»
Consonante axeitada de momento.
D' a sua musa o coitado renegaba
E con parolas grósas a aldraxaba,
Cando ela veu en forma d' estorniño
Que no albore pousándose a modiño
Ciscou sobr' o poeta, tan campante,
O desexado e própeo consonante.
Endexamais ¡hou bardo! desesperes;
Que as musas fanche o mesmo qu' ás mulleres:
Xamais che din que si, pro, están negando
Y-aquelo que che negan desexando.
Ten fé, qu' elas han vir n-a tua axuda
Co' a sua conversa muda
Que ás veces é subprime sopro craro
Y-outras é..... calquer cousa de pazaro.*

XAVIER PRADO

(Lameiro)



POLÍTECA SOCIAL



Nación gallega debe reter n-os agros unha poboanza tan aguixada como sexa posíbre y-antepol-a agricultura, o comercio y-a industria, a pesar de que os liberais, aquívados ou empulados pol-os seus intreses económicos, apóndose ideas progresivas ou sentementos patrióticos, queren trocar, sin decatarse, o réximen d'o modesto benestar, d'a cooperanza e d'a simpatía, que reina baixo un réximen agrícola acadado, pol-a loita, pol-a eistencia y-o espírito frío e calculador d'a burguesía, que resulta d'un realismo sin idealidade coma o que crea o «asesorismo ténnico», fomentando preferentemente n-a nosa terra o industrialismo.

O fin de toda nación é o benestar temporal d'as familias que a compoñen, pero este benestar non soilo consiste, abofé, en ter d'abondo bés de toda clás, de maneira que total-as casas podían satisfacer as súas necesidás senon tamén n-o aumento d'a virtá e d'a felicidade de todos e n-unha paz ben apuntalada contra anemigos d'adentro e d'a afora. A agricultura é, d'entre total-as actividás económicas, a que ofrece condicións mais estimables dende o punto de vista social, ético, estético, económico, hixiénico e políteco.

Os cimentos d'o Estado son os labregos y-a posesión d'a terra. Esí vemos, pol-o que nos contan as estorias, que o pobo xudeu pra consolidarse, despolxa de conquistar a terra prometida, partiuna entr' as tribus de que se compuña y-estabrecen como medida pra conservanza d'o orden social o ano d'o xubileo; o pobo d'os faraós asentouse sobre d'o reparto d'a terra entr' os sacerdotes, os guerreiros y-os labregos, e n-o goberno de José, fillo de Xacob, fíxolle fronte ós sete anos de fame rescatando o go-

berno as terras d'os labregos e partíndoas de novo entr' íles; Licurgo acimentou o pobo espartano sobre o reparto d'a terra entr' os espartanos, con cujos lotes non se podía feirear e pasaban de pais a fillos n-a forma de hermandás que gobernaba o vinculeiro; a nosa terra, inspirada n-istes dous prencípios: «A moita terra da dúas cheas, unha de traballo, outra de miseria». «Pouca terra, ben esterceda, val pol-a moita, mal traballada», chegou a ser algo debido ós foros y-a práutica de considerar os arrendos coma foros presuntos; as reformas de Solón acimentáronse n-o reparto d'a terra que tiña que producir o fixamento d'unha estrema pr'a posesión d'a terra; véndose Esparta en calzas pretas os reis Agis e Cleomenes tratan d'estoreela c'un novo reparto d'a terra; en Roma as medidas de Spurio Cusio Viscelino y-as leis licinias encamiñábanse a dar facilidás pr'o aproveitamento d'a terra; o protestantismo consolidouse cando n-a dieta d' Augsburgo (1555) ó concedersell' os príncipes luterans a libertá d'o culto reconócéselle ademais a *propiedad definitiva d' as terras que secularizaran*; a revolta social galega foi aprazada co' as medidas lexislativas, provocadas pol-a iniciativa d'o deputado xeneral d'a nosa terra, marqués de Bosque Florido, mantendo ós levadores n-a posesión d' as terras aforadas; a revolución francesa afianzouse cando as terras d'a Eirexa y-as d' os nobres emigrados pasaron ás mans d' os pequenos propietarios; y-a revolución rusa adequiriu forza y-estabilidade c'o reparto d' as terras d' os *pomeschikis*.

O industrialismo cámba a natureza d'o traballo, o sentido d'a vida y-a concepción d'o mundo d' as maras. O traballo industrial básase n-a falta de procesos parciais, n-unha monotonia fatigosa e desesperante, pois coma ou-serbou acadadamente Hobson: «A varianza é a esencia da vida y-o traballo mecánico é anemigo

d'a varianza». O industrialismo eisixe d' os traballadores un consumo de forzas extraordinario que crea a *necesidade* d' unha merma d' as horas d' a xornada que producirá a decadencia moral se non se logra atallar o mal emprego que se lle da ó tempo libre. Tamén eisixe leis sobre os accidentes d' o traballo cuxos efectos desmoralizadores nótanse n- os países industriais e foron ouxeto de estudio por parte do profesor Quincke. O trato co' as máquinas acaba por producir unha visión mecanizada d' o Universo; y- o industrialismo ademais, aumentando a posibilidade de satisfacer as necesidás y- aumentando a distancia entr' a satisfacción posíble y- a satisfacción conquerible pol- as masas desterra d' os espíritos a resignanza.

Dend' o punto de vista dos intreses estéticos non hai cousa pior qu' o industrialismo, pois o costume d' acuparse escrusivamente co' a técnica, coma calquer acupación parcial, «provoa un embotamento d' a vida espiritual pra todol- os demais intreses e valores»; ademais, como di John Ruskin: «o arte soilo pode desenvolverse n- un pobo satisfeito, libre d' o espentáculo de cousas feas e d' a coacción d' o traballo mecánico». Darwin, lamentándose d' haber perdido o gusto pr' á poesía, a música y- a pintura, di n- a súa biografía: «O haberseme destruído o gusto y- a intelixencia por estas cousas é unha perda de felicidade, e quizayes sexa perxudicial pr' á intelixencia, pero muy probablemente é o pr' o lado moral d' a nésa natureza, en tanto que con elo embótase e debilitase a vida d' o nésa sentimento».

Din algúns liberalizantes qu' é necesario protexer preferentemente á gran industria pra crear a posibilidade d' unha poboanza mais espesa, e que o seu industrialismo non téñ outra finalidade que dar traballo a xente probe. Pero, a produción industrial ¿non senifica un aforro n- a mau de obra?; os industriais ¿non deixan por portas as familias que dependen d' eles, si se inventa algunha máquina que lles premita prescindir d' o seu traballo?; ¿non está acaso resumida a ética industrialista n- esta sentenza americana: «Non hay que utilizar xamais un home pr' o traballo que se pode confiar ónha máquina». Non hay qu' esquecerse de que a industria d' os textiles d' algodón, por exemplo, medrou en parte a costa d' as d' o liño e da lá. Carezo de datos respecto á influencia d' a industria algodoeira sobre d' os teares que en 1891 había, según Anxo Rubido, en Triacastela, Palas de Rey, Chantada, Padrón, Betanzos, a Cruña, Mulpica, Brión, Mesía, a Cañiza, Allariz, Baños de Molgas, Xunqueira d' Ambía,

Maside, Castro Caldelas, Viana d' o Bolo, a Mezquita, Verín, Laza, Xinzo de Limia, Bande e Celanova.

A gran industria pode dar lugar á posibilidade de soste unha poboanza mais pecha, pero non é pol- os brazos que n- ela s' acupen senon pol- as novas necesidás que crea.

Outro d' os argumentos d' os liberalizantes é o suposto aumento da produción, a baratura d' os produtos y- o aumento d' a riqueza. Respeito ó aumento d' os produtos pode contestárselle co' estas verbas de Tomás Carlyle: «¿De qué sirven as camisas que tecichedes? A millós colgan n- as tendas e non poden venderse. Y- eiquí hai millós de corpos espidos que suspiran por elas...» Ademais, os industriais forman cartels pra fixar o maisimun de produción d' o cual non poden pasar. En canto a baratura hai que ter presente que algúns produtos pouco importa que baixen si os que os facían non teñen o costume de consumilos. Tampouco se pode esquecer que os industriais forman fortes asociacións pra subir os prezos, e senon díganos os acaparadores, os trust y- as nosas compañías d' os camiños de ferro. Por outra, a baratura d' os produtos, dend' o punto de vista social, non se mide pol- os cartos que costan, senon pol- a súa utilidade pr' a vida e pol- a cantidade e calidade d' o traballo que se necesita pra producelos: o prezo d' unha cousa en diñeiro non ten nada que ver c' o seu valor, pois pra fixar sociolóxicamente o coste d' un produto «hai qu' estudar tamen a influencia qu' o traballo exerce sobre d' o obreiro. Hai traballos que degradan ó home porque abusan d' as súas forzas. Outros encerran un peligro corporal ou moral. N- o concepto de coste soilo entra o traballo que aburre e fatiga, que se fai en condicións desagradables ou perniciosas e carece de toda influencia benéfica sobr' o corpo y- o espírito d' o que o fai». Dend' o punto de vista social, os fletes eran menos carosos denantes d' inventarse a o vapor que despoixa: denantes custaba matal- o tempo agardando o vento favorable, despoixa costou, e costa, que centos de miles d' homes pasen a vida enterrados n- o fondo d' as minas do carbón.

Por outra, ¿qué riqueza é a que aumenta c' o industrialismo? ¿A d' a nación ou a d' os particulares? A d' estes. Dícese que os cartos ganados pol- os particulares que os gastarán ou os empregarán en negocios; pero, ¿cándo y- en dónde? Ademais, este aumento d' a riqueza d' os particulares ¿non se fai á costa d' a probeza e d' a dependencia d' a mór parte d' a xente?

É preciso tamén decatarse de cal é o millor

oficio pr' o traballador, en iguais condicións de benestar. Non conto con estadísticas, d' o Estado, d' a mortandá, nin d' a inutilidá pr' o servizo militar en relación co' as profesíons. A falta d' elas reproducirei os datos estadísticos que siguen:

Mortandá por cada 10.000 habitantes n-os anos 1890-92, según a estadística inglesa.

PROFESIÓN	EDÁ (ANO)					
	15-20	20-25	25-35	35-45	45-55	55-65
Labregos ceibos	13	24	43	70	112	240
Criados e xornaleiros	17	30	52	83	128	246
Obreiros metalúrxicos	27	54	75	137	251	474
Id. textiles	34	59	75	123	223	461
Id. mineiros	38	75	64	97	196	443
						878
						986
						1313
						1389
						1505

Si temos en conta que os xornales n-o campo en Inglaterra eran máis pequenos que os d' os obreiros d' as vilas e que estes mantiñanse ben, a mór mortandá d' os obreiros é un feito que non pode ser esquecido.

Cifra media anual d' a mortandá n-a Suíza por cada 1.000 persoas d' as edás que se indican, n-o período de 1881-1890.

	EDÁ (ANOS)				
	0	1-14	15-19	20-49	50-69
65 Destrutos industriais	174,2	8,7	5,1	11,2	38,6
69 id. mixtos . .	155,9	7,9	4,9	9,7	35,7
68 id. agrarios .	158,7	8,4	4,9	0,1	34,7

Os labregos estímase n-o 40 % d' a poboanza d' os destritos d' o primeiro grupo, n-o 40-59, n-as d' o segundo e n-o 60 % n-os d' o terceiro.

A seguinte táboa móstranos o ponce castigados qu' están os labregos pol-a tuberculosis.

De cada 100 mortes entr' as edás que s' indican corresponden as cifras que seguen ás destinas oficios.

	EDÁ			
	20-29	30-39	40-49	50-59
Labregos e leiteiros	48	51	54	64
Industria forestal	28	54	55	52
Camiños de ferro	49	55	65	72
Feitura de rúas e canales	65	76	93	82
Zapateiros	116	108	112	152
Alfayates	154	134	150	161
Carpinteiros e cristaleiros	142	140	157	151
Cerraxeiros	194	252	251	354
Pipeiros	156	271	221	173
Pintores e decoradores	214	207	249	209
Maquinaria e fundición	144	115	130	138
Ferreiros	108	125	145	168
Comercio, banca, seguros e comisión	220	168	152	130
Economía doméstica	164	199	189	158
Correos, telégrafos e teléfonos	112	134	125	115
Empregados públicos	128	131	148	172

O mesmo n-os mostra a seguinte táboa d' o Profesor A. Vogt, de Berna:

GRUPOS DE DESTRITOS	Poboanza d' os grupos	De cada 1.000 habitantes nos labregos	Mortes por tuberculosis por cada 1.000 habitantes
Destrutos con d' o 19 % de labregos	547,160	108	276
Id. c' o 20-33 % de labregos	586,806	253	251
Id. c' o 33-44 % id.	593,125	379	221
Id. c' o 43-53 % id.	579,055	490	210
Id. c' o 56-86 % id.	611,608	643	178

Tampouco nos desmenten os datos estadísticos d' o Estado:

	Poboanza (Censo 1910)		Preparación de tuberculosis por 1.000 nacidos por enfermidade infancia 8-4 ano 1917
	Poboanza total	Industrias mineros, trans- portes e comercio	
Barcelona . . .	1.162.521	208.010	84,00
Vizcaya	349.923	40.629	98,47
Guipúzcoa . . .	226.684	66.705	105,77
Ourense	414.216	10.371	22,14

Hai que ter en conta, pr' á debida aplicación d' estas táboas, que n-o agro non s' observa apenas a hixiene d' os alimentos, nin se teñen á mau a mór parte d' as veces medecinas nin Médeco e de que os millores alimentos, debido á súa mercantilizanza, consúmense n- as cidades.

Non falta quen ll- apaña á industria a merma n- os nacementos.

A influencia d' o industrialismo sobre as condicións físicas d' o pobo tradúcese n- un aumento d' as inutilidades pr' o servizo militar. «N-o destrito de Thaun n- a Alta Alsacia, eran atos pr' o servizo militar en 1881 o 5 % d' os mozos empregados n- os fladeiros y- o 12 % d' os que traballaban n- as fábricas de tecidos, mentras que n-o agro eran- o o 52 %». O Médeco escribía: «N- os pobos fabrís casi todol- os mozos eran inútiles, e si esto sigue así, mais valerá non mandar elí mais comisiós de reclutamento».

As estadísticas do Estado ofrécennos os seguintes datos:

Tanto por cento con relación ó número d' alistados.

PROVINCIAS	EXCRUIDOS		Excentua- dos pol- os artículos 89, 326 e 328
	Totalmen- te pol- o art. 84	Temporal- mente pol- o art. 89	
Barcelona	10,63	10,94	13,70
Vizcaya	8,79	7,40	10,12
Guipúzcoa	6,06	3,98	10,42
Ourense	5,73	4,88	8,17

Despoixa de botar un xis sobr' os datos anotados non hai dúbida de que a xente d' aldeas e moito mais rexa e nervosa que a d' as cidades.

Os labregos son a xente que millor garda os costumes d' a raza, a mais pacífica, a mais tenaz, a mais perseverante y- a que millor defende os intereses d' a nación.

D' elquí que diga Sánchez de Toca «non hai contrapeso millor contr' as demagogías urbanas que o d' a democracia agraria», e G. F. Hértzberg—n- a Estoria Universal, feita baixo a dirección de G. Oncken, t. 6, páx. 59—referíndose á loita política entr' o pobo y- a plebe: «A tenacidade con que loitaron entre sí os dous pobos ou clases existentes en Roma, foi debida a que pol- as venas d' a ilustreza e d' a plebe corría o mesmo sangue, y- a que o conxunto d' o pobo romano era un pobo esencialmente agrícola. A esto débense, asimesmo, o espírito de moderanza que en todas estas loitas s' admite y- o carácter aristocrático que distinguía o modo de ser d' o Estado romano, deic' os tempos d' o antigo Catón y- o mozo Escipión o Africano aínda despois d' o triunfo complotado d' a plebe. A esto débense, por último, a tenaz perseverancia con que loitaron ambas clases, deica que a invencible obstinancia d' os plebeyos conquistou a esperada victoria»; d' elquí que dixera Bismarck: «A propiedade d' a terra é o lazo mais forte pra ligar ó cidadán de calquer clás que sexa ó Estado» e que diga o sabencia d' o pogo galego: «O que non ten casa nin viña, en calquer parte s' avecíña».

Hai un refrán galego que di: «O que n- e home n- a terra, n- e home n- a guerra». E iste foi o pensamento dominante n- a antiga Roma pois deic' a «reforma d' o exército romano, tan importante d' o punto de vista militar e pol- as consecuencias políticas que consigo trouxo, levada a cabo por Cayo Mario durante a guerra de Yugurta, considerouse com' on aisloma entr' os romanos que o dereito y- o honore de levar armas e de servir n- o exército soilo debía corresponder ás clás d' o pobo acomodadas, ou, por millor decir, as que poseían bés raíces. N- este concepto, o pobo romano foi dividido en cinco clases...» «Todol- os cidadáns, cuxos bés inmuebles non chegaban á taxa fixada pr' a última clás, y- entr' os cuales contábanse a mór parte d' os artesanos, formaban unha sola centuria, que non pagaba trabucos nin prestaba o servizo d' as armas». Iste réxime considerábase com' a saúde d' a república e por esto cando n- o ano 304 o célebre Ruliano volveu a pór n- as catro tribus d' a cidadá o pobo que o

censor Apio Claudio espaxera por todas, déronlle o nome de *maísimo*.

«Decídeme—preguntaba Tiberio Graco ós nobles—¿qué val mais: un cidadán ou un perpetuo escravo; un soldado ou un home incapaz pr'a guerra? ¿Preferides, pra ter unhas cantas fanegas mais de terra qu' o resto d' os cidadáns, renunciar á esperanza de conqueril-o mundo ou porvos en peligro de que os anemigos vos abarballen esas terras que nos negades».

Un criterio semellante informou, entr' os gregos, a constitución de Solón, pois os *tetes*, ou sean aqueles que somentes tiñan unha renta anual de menos de 150 medimnos ou metretes y-os que non poseían mais que bés muebles, soilo podían ser chamados ás armas como tropas lixeiras en caso d' invasión grave d' o territorio.

N-o fondo de todo esto hai dúas cousas. Por

unha, as riquezas y-a vida n-a cidá desmendan y-afeminan, por outra, coma di Montesquien, «ó home que nada tén pouco l' importa en certos respentos o Goberno en que vive». Por esta razón Bismarck, co'a lexilación de seguros contr'a inutilidá y-a vellez, un d' os fis que perseguía era o d' intresar os obreiros n-a conservación d' o Imperio, pois así vemos que dixo o 18 de Mayo de 1898: «Vivín bastante tempo n-a Francia pra saber que a lealtá d' unha gran parte de franceses ó Goberno, bo ou ruín, débese ó medo de perder as súas pequenas pensións... Non falo xa d' os posteiros que son ricos en comparanza c' os pequenos pensionistas. Istes dinse: «sí o Estado se perxudica, perdo a miña renta», y-aínda que non sexan mais que coarenta francos ó ano, non queren perdelos, e teñen intrés pol-o Estado. Isto é mundo...

ARTURO NOGUEROL BUJÁN

ARCHIVO FILOLÓXICO E ETNOGRÁFICO DE GALIZIA

Referentes ás plantas:

- 22 Redondiño, redondiño
com' a capa do muíño:
¡ten follas, ten!
e non l' as conta ningún.

O CUGUMELO, OU CHOUPAFRO.

(As follas son as membranas radiautes que ten por baixo do carpapacho ou paraguas.)

- 23 Alta me vexo
no meu lugarexo
mouro vexo vir
e non lle podo fuxir.

(A cereixa qu' está na cereixeira e va vir o mouro a picala.)

- 24 Alto me vexo
no meu lugarexo.
Por unha risada,
perdín miña anada.

(O ourizo no castiño, que cando ripa, parece que se perde as castañas que lea dentro.)

- 25 Altos padres.
capeludas madres
y-os fillos incha-foles,
adivña tú, si podes.

(Os altos padres son os castiños; as capeludas madres, os ourizos; os fillos incha-foles, as castañas que fan inchar o ourizo.)

- 26 Marmorea, mar non é,
espíña ten, pescado non é.

O TRIGO.

Referentes ós homes:

- 27 Pelo por baixo, pelo por riba,
e no medio unha cousa viva.

O OLLO.

- 28 Airexiña pequenía
y-abade revolvedor,
e todol-os feligreses
sentados orrededor.

(A airexa é a boca; o abade revolvedor é a lingua; os feligreses son os dentes.)

Referentes a cousas artificiais:

- 29 Unha cousiña tesa;
cabe na man e non cabe na artesa.

A AGUILLADA

- 30 Vai a Roma e vén de Roma
c' un picariño na croa.

A AGUILLADA, C' O PINCHO ENRIBA.

- 31 Mari-branca está estendida;
Xulián está derriba;

Nápoles vai e Nápoles ven,
Mari-branca aberto ll' o tén.

O TEAR.

- 32 Peluda por fóra,
peluda por drento
recachal-a perna
e metela drento.

A MEDIA DE LÁ.

- 33 Tén boca e non come,
tén pés e non anda,
tén cú e non caga.

O PÓTE.

- 34 Dez soldadiños a par,
pasan o río sen se mollar.

Os FUNGUEIROS, (ou estadullos do carro.)

- 35 De día com' onha escada,
de noite com' aguillada.

A AGOLLETA DO XUSTILLO.

- 36 Presa na cárcere estou,
antre cadeas metida;
oras alta, y-oras baixa,
oras morta, y-oras viva.

A LÁMPARA NA EIREXA.

- 37 Entre balado e balado,
hai un boi asoballado.

O PAN NA MASEIRA.

- 38 No monte nace, no monte se cría
e vén bailar co' as damas á vila.

O FUSO.

- 39 Cen grolíños,
un grolón,
un mete e saca
y-on quita e pon.

(Os cen grolíños son as fadas; o grolón é o póte; o mete e saca é a garfela; y-o quita e pon é o testo.)

- 40 Besta de ferro,
albarda de liño,
tiza que tiza c' un garabullíño.

(O candil, besta de ferro; cos albarda de liño, que é a torcida.)

- 41 Catro cabalos
van para Francia.
Un tras d' outro e ningún s' alcanza.

O ARGADELO.

Igual en Monforte de Lemos, (San Fiz.)

- 42 Unha vella con un dente
cham' a tod' a súa xente.
A CAMPANA. (O dente é o badal.)

- 43 Anda de burato en burato
co' as tripas arrastro.

A AGULLA. (As tripas son o fio.)

- 44 Andar, andar
e nunca chegar.

O MUIÑO.

- 45 Un burro branco
beilando n-un campo,
co' a pexa n-un pé
e burro non é.

O MUIÑO.

- 46 Zuncorondullo andaba n-a feira;
no medio inchaba,
no rabo roncaba
tña orellas e zangoneaba.

A GAITA.

- 47 Terra branca, semente negra,
cinco bois y-a chavella.

(A terra branca é o papel; a semente negra é a tinda; os cinco bois son os dedos, y-a chavella a pruma.)

- 48 Dous peludos,
un pelado,
unha anguía
e un calca-rabos

(Os peludos son os bois; o pelado, o arado; a anguía, a aguillada, y-o calca-rabos é o ladrego que vai detrás pichando n-os bois.)

(COMUNICADAS POR A. NOGUEROL)

- 49 Unha señorita moi enfeitada
chea de remendos, sin ningunha puntada.

A GALIÑA.

- 50 ¿Qué é unha cousa que vai de buraco en
buraco e leva as tripas arrastro?

A AGULLA.

- 51 Dediante de Deus me vexo
eos colores alcendida;
cando alta, cando baixa,
cando morta, cando viva.

A LÁMPARA.

- 52 Tras d' unha porta están
Meter e sacar
E dar de barriga
E non é picardía. (1)

A TECEDEIRA.

1) Utilizada por Valle Inclán. En *Romance de Lobos*, o cago Electus, di: Nós tras de la puerta—bemos de amasar—meter y sacar—y dar de barriga—no riades rapaces—que no bay picardía.

Prebemas (1)

(RECOLLIDOS EN SAN CIPRIÁN DE VIÑAS, POR
A. SUGUEIRA FABELLO, MESTRE NACIONAL)

- 53 Unha media medio feita
y-otra media por facer
dígame vosté galán
cantas medias poden ser?
- 54 Catro pás, catro cás,
un pan e medio e medio pan
a como toca cada can?
- 55 Cantas son tres medias moscas e mosca
é media?

Outras adiviñanzas

(RECOLLIDAS POR V. RISCO)

- 56 Alto me miro
Color d'ouro teño
Por unha risada
Perdín canto teño.
- O OURIZO QUE REGAÑOU.

57 Iba unha vez o Bispo faguendo a visita
pastoral, y-ó pasar por unha ponte, viu que de-
baixo estaba un home pescando, e preguntoulle:

—¿Ti qué pescas?

Y-o home respondeu:

—O que pesco, botoo ó río, y-o que non pesco,
levo á casa.

¿Qué pescaba o home?

OS PIOLLOS.

C. XI. (2)

(RECOLLIDOS POR MANUEL GALLEGO SEARA,
ALUMNO DA ESCOLA NORMAL D'OURENSE NA
PARTE DE SARRIA, PROVINCIA DE LUGO.)

Os espíritos dos elementos

1 Os troncos son causados por unhas homes
que se chaman *degrumantes* (*negrumantes*?) que
suben ás nubes en *polcoriñas*, da maneira
seguinte: xuntan unha porción de polvo, e
póñense a mexar n-ll; estonces fórmase a *polco-
riña*, e no remuíño que forma o aire, suben ás
nubes, e despoixas, dand'elí fan dano a quen
lles parece.

(N-esta versión aparece o nome de *degrumantes*, ou *ceñais
negrumantes* aplicado ós espíritos da tempestade,—os *Morots*
védicos—que noutros sitios chaman *unbeiros*—*überus* en
Asturias—ou *tronantes*.)

(1) Clasificamos estas brincadeiras entre as adiviñanzas,
por axectar así mellor na distribución provisional de grupos
que fixemos. Estes so nos que o pedagogo francés Decroly
chama *juegos aritméticos*.

(2) Véxase a distribución de capítulos no noso núm. 1).

As bruxas

1 Si o crego deixa o misal aberto do lado
dereito, as bruxas qu'entraran na eirexa non
poderán sair namentras nono cerre.

2 Si cando corren as estrelas, se recollen
areas do chao, e despois se botan na pía da
auga bendita, quedarán tantas bruxas sen pode-
ren sair da eirexa, com'areas haxa na pía.

3 As moscas que hai son traguidas pol-as
bruxas no día de San Xoan.

Conto de bruxas

4 Unha filla ouviu dicir qu'a nai d'ela era
bruxa, e pra saber s'era certo, foise a fiar pra
xunto d'ela na víspera de San Xoan. Chegou
a hora de deitarse, y-a filla non se quería mar-
char, senon qu'estaba facendo tempo pra ver
si a nai iba pol-as moscas; pero ela tanto lle
porfiou, qu'a filla tuvo que marcharse, mais en
lugar de coller pr' á casa, rubiu ó teito, pra ver
o que lle dicía ó home, e sentiulle preguntar:

—¿Qué trouxeches?

—Cala, hó, cala, qu'esa filla nona poden
sacar de xunto de min, en tod'a noite, e solo
puden chegar á repartición das moscas; pero
heillas de cobrar, que ll'hei de matar ó home.

—¿E cómo?

—Heime poñer da figura d'unha mosca
vaxada, e máfia, cando vaya á arada, heille
pical-os bois e hano matar, y-a min non me
poderá facer nada, non sendo que me dea
c'unha vara d'*avelaira*. (1)

A filla, com'estaba escoitando, ó saber
aqueilo, xa non lle tiña medo, e foise co home
á arada e levou a vara que sabía, y-ó vil-a
mosca, pegoulle un pau e matouna, y-o día
seguinte, apareceu a nai morta.

Meiciña máxica

1 Pra curar-as *tercianas*, tomal-a limosna que
dean *noce Marias*.

O demo

1 O convento de Samos din que foi costruído
co' a axuda do demo, pois por medio do *Libro
de San Ciprián* (os frades?) faciano carretal-a
pedra pol-a noite.

(1) A vara d'*avelaira*, é empregada en toda a Europa
occidental nas operacións da *Goecia* (a *magia preta liberal*,
como lle chama o *Libro grande de San Ciprián*). D'avelaira
faiase a *vara fulminante*, instrumento indispensabel da *Maxia
Negra*, que ven descrito en todos os grimorios, e ten outras
moitas aplicacións.

C. XI.

(RECOLLIDOS POR SERGIO PÉREZ FERNÁNDEZ,
ALUMNO DA ESCOLA NORMAL D'OURENSE, EN
SOBER, NA PARTE DE LEMOS) (1)

As bruxas

5 «Non hai un mal, un doer de cabeza, unha febre, unha disgracia, unha calentura que nono achauen a efecto de bruxería, pois elquí total-as enfermidades cúranse con bendicións e co' as *cousas boas* (reliquias, rescritos, escapularios, amuletos,—o comunicante nono esprica)—e según eles, hastr' as bestas son vítimas, as probes, dos efectos d'estas creencias, pois tan pronto como lles enferma un animal, van buscar alíña *as cousas boas* e ll'as poñen, e sanan, según eles.»

6 Unha tal señora Maripepa, contou o caso seguinte: «Un atardecer do mes de San Xoán, encontrábame en gardando a única porca que tiña, e n-esto veu por elí certa muller da parroquia a quen tiñamos por bruxa, e dispois de darlle as boas tardes, díxome:—«No, esa porca non ch' está boa, Maripepa».

—Qu' eu lle sepa non lle ten mal ningún—lle contestei.

(1) En todo o val de Lemos, e nas montañas qu' están pol-a parte de Caldelas, práticans' a cotío as artes máxicas r-hai moitísimos bruxos e bruxas. Roso de Luna houbera atopado n-aquela terra dos antigos Lemayos, un gran centro iniciático, xigüera boxe sexa en gran parte do *causío da esquerda*, ou sexa dos magos negros.

—No, pois ter, tencho—volveume dicir, e con estas, marchouse.

Mais, ó levala á corte, vin qu' efectivamente estaba enferma, púxenlle *as cousas boas* e sanou.

7 A tía Xuana do Lameiro contoume o que sigue: «Certo día do mes das frores, veu certa muller do lugar pedirme un pouco leite, mais eu que o necesitaba, non llo quixen dar. Mais ó ir munguill-a vaca, en vez de darlle leite, empezou a soltar sangue. Fíxenlle unha cruz no lombo, boteille auga bendita, y-ó momento deixou de soltar o sangue. Púxenm'a ferver aquil leite, pra que se presentase elí a que m'embruxara a vaca, e así socedeu, que ó pouco tempo preséntasem'a bruxa dicíndome que por Dios sacase o leite do lume, (1) e que nunca me volvería a faguer ningún mal, y-asina o fixen».

Meiciña máxica

2 Pra matal-as lombrices dos nenos, fanlle cruces na barriga, e din: «Corto cocas todas e non d'elas—non sendo a do cocal—que Dios nos libre de todo mal». Ó último rózase unha salve, y-esto repítese varias veces.

(1) A bruxa sofre cando o leite embruxado está ó lume. Isto é un fenómeno d' *exteriorización da sensibilidade*, sobre do que teñen feito curiosos experimentos Albert de Rochas e outros sabios, y-hastra certo punto, parece centíficamente comprobado. N-elo fúndase o feito que os franceses chaman *encostement*. Véxase o que sobre d' isto teñen escrito Durville, P. Piobh, E. Levy y-outros autores.

OS HOMES, OS FEITOS, AS VERBAS

CASTELAO EN OURENSE

Castelao afirmase cada día máis, com' o máis comprido dos artistas galegos, sendo coma é, d' un xeito indiscutíbel, o máis galego. A sua arte, non somentes é a máis fundamente sentida y-a de meirande fondura ideolóxica, senón tamén a de maior amplitude, a máis rica en aspectos diversos. Agás d' unha habilidade técnica que se perfecciona cada día sorprendéndonos co' a resolución de novas dificultades, Castelao é, por riba de todo, un pintor intelectual e cordial. Móveo a pintar sempre unha emoción que vai do simplemente decorativo ó trascendente. Por iso, tras de cada un dos seus cadros hai un poema y-en todos eles unha mesma con-

viución... Poucos artistas haberá tan coscentes e ningún tan sinxelo, tan real, tan honrado.

Agora revelósenos n-un nóvo aspecto, da maioría das xentes non coñecido. É, ó mesmo tempo, a realización d' unha das suas arelas inicias: pintal-a paisaxe galega. E Castelao revelouse agora com' asombroso paisaxista. Os que coñecían o seu famoso tríptico dos Cégos, premiado n-unha exposición oficial, os que se lembraban dos fondos d' aquil tríptico, sabían xa que Castelao sería paisaxista. Mais Castelao viña de ter inmensos triunfos, fai meses, c' unha obra de xeito inteltramentos distinto: Nós, a admirada colección de cincuenta sepías, madriña que resultou do noso boletín y-asociación, ise album que é o gran poema alexiaco da Raza

galega... Y-ahora é outro cantar: os catorce cartós espostos n-o «Club» é coma o primeiro capítulo d'unha nova obra. Sen que n-éles fallen lembranzas de Nós—o titulado: «Unha vella atopouno n-un camiño»—esto é outra cousa: é o poema da beleza e do misterio, o poema da Terra galega.

Ourense tivo a sorte de tel-as primicias d' esta nova fase do grande artista, pol-a feliz iniciativa do «Club» de poñer á disposición de Castelao os seus salós, pra que os moitos amigos y-admiradores qu' eiquí tén, pueran contemplar os belísimos cadros que o noso compañeiro trouxo na súa curta visita, e que causaron unha impresión enorme.

Somentes un gran artista pode acometer unha obra de tal natureza, tratando como mestre a un tempo a figura y-a paisaxe, os corpos y-a luz. Compre ser un gran artista pra pintar un mar que rompe na praya en escumes espesas, com' il o pintou c' unha sinxeleza de primitivo y-un refinamento de xaponés; pra lles dar carne vivente ó asombroso *Pelígrin* y-ó *Guía da danza d' espadas*; pra faguer aquí *Luar* sen lúa; pra se faguel-o pintor do milagre no poema pintado que chama *Luz in tenabris*...

Se quixera, Castelao houbera podido vender moi ben en Ourense as catorce obras espostas. Pro non viña il co' esa intención, y-os amantes da arte qu' eiquí temos, tiveron que deixar marchar aqueles tesouros con fonda saudade.

JEAN REVEL

O amor do chao natal é do que mais caracteriza ós escritores normandos. Os netos d' aqueles Wikings que tantas visitas nos fixeran na Edade Media, son xente coma nós apegadas á terra, ó pequeno cultivo, á pequena industria, ó pequeno comercio—calidades pol-o demais fundamentais pra faguer un pobo forte. O amor do chao natal enche os escritos de L' Hospital, de Roinard, aínda d' aquí gran parisiense que foi Jean Lerrain, sempre lembrando o seu corrunchito de Fecamp...

Jean Revel fai do amor ó chao natal unha doutrina. Do estudio que A.-M. Gossez lle dedica en *Les Tablettes* (revista de Saint-Raphael-Var) do derradeiro mes de Santiago, sacamos as notas seguintes:

A unha obra considerabel (*Un Français en Amérique*, 1876 - *Dans les Highlands*, 1879 - *Chez nos Ancêtres*, 1888 - *Testament d'un Moderne*, 1889 - *La Fin d'une Ame*, 1891 - *Dialogues des Vivants*, 1892 - *Ascension* (novela), 1893 - *Multiple Vie*, 1894 - *Rustres* (contos), 1898 - *Un Cerebral* (novela), 1899 - *Contes Normands*, 1901 - *Les*

Hôtes de l'Estuaire, 1904 - *Terricus* (contos), 1906.) Jean Revel añide un novo libro, primeiro d' unha Estoria da Normandía.

Amor da universal harmonía—comprensión dos fatos humanos: razas, patrias, humanidade—rebusca intuitiva das súas orixes e dos seus devenires—intrínseco inmediato pol-as súas expresións mais veciñas: río criador, provincia, aldea natás; tais son en síntese final as manifestacións múltiples—filosófica, telúrica, social, aborixen e rural—da súa paixón orixinal: o amor do chao. Jean Revel deprocatouse d' un xeito fondo e cabal da influencia absoluta da terra no home, revelada por Montesquieu, por Taine, pol-as mais positivas investigacións históricas qu' il presentiu dicindo: «Na Estoria non hai no fondo mais que xeografía», e sentiu un amor esaltado pol-o elemento-raiz: «Cando vexo escrito n-algunha parte—d' istas verbas: *A Terra*; vénme ó corazón unha onda de ledicia e ó espírito unha ardente curiosidade; esprimento un tremer, algo esquisito, como cand' un ve unha presoa amada...» E n-outro sitio fai falar d' iste xeito a un dos seus persoaxes: «Eu, un dos recién chegados no perfeccionamento secular, convén que m-axionlle diante d' iste torrón que foi a primeira sustancia do ser coscente... Ista lama non é de ningunha maneira abyecta... en realidade é divina. Istes aluviós, esta corrente, iste fundamento impuro, é o Humus do que o Home foi amasado; é o barro empregado sempre no taller do Criador... O delta non foi o berce das razas onde s' enxendron e foi incubada a primeira nidada do adamita?»

Jean Revel pensa que a civilización moderna a ben superior ás vellas sociedades, mais renega das vilas tentaculares, coma Verhaeren, recrama unha descentralización administrativa e esalta ó peisano, ó labrego, na súa forza vital, no seu amor ós eidos. Ten esperanza na concordanza das forzas planetarias, pensa que o mal é mais forte qu' o individuo e menos forte qu' a colectividade, mais a Redención do home no futuro coída que será somentes pol-a volta ó chao natal, ó aire cheo que lle donará a salvación e a saúde, somentes pol-a súa restitución á Terra.

AS LETRAS CATALANAS EN GALIZIA E AS LETRAS GALEGAS EN CATALUÑA

Pol-a iniciativa de Tomás Garcés, agudo e despegado inxeniero catalán—d' hoxe en adiante, corresponsal de NÓS en Barcelona—váise inaugurar, nas páxinas literarias de *El Día de Terrassa*—das que nos ocupabamos no número derradeiro—a colaboración dos escritores galegos. Cabanillas envioulles versos «trements

d'emoção poética i patriótica» según a expresión do Garcés. Do mesmo xeito, o noso amigo oférce-nos, respondendo ós nosos requerimentos, traer as páxinas de NÓS un reflexo da moderna cultura catalana. Non imos agora loubar unha produción espiritual, que moi logo se vai demostrar a si mesma, ós ollos dos nosos lectores. Fai moito tempo que a cultura catalana se téñ de seu. Y os creadores d'esa cultura tamén saúdan o noso esforzo con simpatía.

LA DOUCE FRANCE,
aout-septembre, 1920.

Ó mesmo asunto do devandito artigo refírese Mr. Lebesgue n'outro titulado *Par la France*, en relación co'a probabel existencia no século VI antes de Xesucristo d'un gran imperio céltico que chegaría de Coimbra a Cracovia,—da Galizia ibérica á Galizia polaca—comprendendo toda a Europa hiperbórea, central y-occidental. A civilización dos Celtas pudo aportar á humanidade occidental unha suma de cultura igual pol-o menos á da Grecia, e d'elí ven a civilización francesa... «Or—afirma cheo de fé—la civilisation porte fruit contre tout obstacle. C'est un germe inamissible.»

Cómpre que nas páxinas de NÓS cheguemos a tratar co'a extensión de que é merecente esta gran cuestión do panceltismo.

Outro artigo cheo d'intrínseco do mesmo boletín, é o de Gabriel Brunet, *Le Problème de l'Élite*. N-esta era caótica en que o espírito de destrución reina no mundo, a obra da cultura, froito do esforzo milenar das xeneracións, áchase ameazada... O feito máis saliente dos nosos días é o desprezo da cultura, o desprezo dos intereses superiores da humanidade... O mundo actual é dos homes d'aución; a mercancia intelectual baixa cada día máis na feira, y-a Elite intelectual foi reducida á impotencia: xa non é unha forza, xa non se lle recoñece unha misión nas sociedades d'hoje... Con moita razón sinala o autore a grande parte de culpa que lle cabe á mesma Elite, por andar istos anos derradeiros maldecindo da intelixencia e da razón, dicindo que o fin da vida non é o pensamento senon a acción, e que a verdade é o que permite ter éxito...

Confronta logo esta *capitis diminutio* da clás intelectual co'as ideais espostas por Renan en *L'Avenir de la Science*, onde di que, cando a ciencia tranfe, os destinos da humanidade serán confiados á Elite erudita. Mais, no mesmo libro atopa Mr. Brunet outra teoría destrutora dos prestixios da Elite: a idea de que é a masa a que crea, e de que o xenio non é senon o redactor das inspiracións da multitude... Sobre d'isto tamén habería moito que falar.

MERCURE DE FRANCE
15-X-1920

Na sección *Lettres portugaises*, co gallo de falar d'un libro do Sr. Bernardino Machado (*A Política da Victoria*, Boente e Silva, Lisboa, 1920), Phileas Lebesgue fai atinadas consideracións sobre a tradición cabaleiresca, que Portugal, a pesares da diferenza de temperamentos, posee en común co'a Francia e con todas as nacións d'heredamento céltico, cultivadas na

Edade Media pol-o gran movemento crístico da Táboa Redonda.

«Así—segue dicindo o sabio lusitanista—o noso excelente amigo Vicente Risco, patriota galego e pensador d'ampla envergadura, podede, sen escital-o noso escepticismo, nos revelar certas particularidades do folk-lore do seu país celto-lusitano. Alá ond'ó río Límia téñ seu nacemento, no pequeno lago d'Antela, unha vila, ond'outroa reinou o Rei Artús, foi solagada pol-as augas, e ás veces, pol-a noite óyense sonal-as campáas. O santo Graal sería orixinario de Galizia. O Montsalvato estaría no cume do monte Cebreiro, na provincia de Lugo. Parsifal tería rubido estas costas, e Klingsor non sería máis que un dos magos mouros, n-outro tempo encantadores, hoxe encantados, qu'amorean tesouros baixo as ruínas.»

Estudia logo *A Victoria de Parsifal* de João Grave—qu'afirma a supremacía d'un ideal de perfección humana na sinxeleza do curazón, fora das tentacións perigosas da carne, da soberbia, da riqueza e do poder,—pra concluir con verbas com'estas: «Calquera cousa qu'póda pensar da oposición fundamental antr'a cabaleiría mundana do ciclo d'Artús y-a cabaleiría relixiosa do ciclo do Santo Graal, estamos tanto d'un lado coma do outro de cara a unha corrente de lendas míticas, saídas da India pol-a Europa hiperbórea. De sitio en sitio, a través do folk-lore dos diferentes pobos, certas semellanzas se revelan, certas analoxías sintomáticas. Así, o corvo da *Prophétie de Gwenc'hlan* que leva no peteiro os testemoyos sanguifentos da batalla perdida, vólvese atopar na *Nai dos Yungovitch*, obra maestra da epopeia serbia e máis n-un vello cantar de guerra lituano de que nos informa M. de Labunovas en *La Revue baltique*.»

«Mais non se trata somentes de mindenzas d'iste orde. O espírito da Táboa Redonda y-a concepción particular do amor que d'el saíu, concepción á unha pagana e mística, enche toda a poesía portuguesa.»

Coma bó eixemplo, trai logo as *Canções de Saudade e Amor*, e a égloga musical *Crísal*, dous libros do grande poeta Lopes Vieira.

A NÓSA TERRA,
5 Outubro, 1920-N.º 129

Abrese c'un retrato do Martir glorioso da independencia d'Irlanda, Terencio Mac Swiney, alcalde de Cork, o único héroe verdadeiro do século XX, dino d'eterna lembranza e gloria. Vén logo o manífico *Discurso* do noso compañeiro Ramón Cubanillas na súa entrada na Academia Galega.—Unhas liñas sobre a *Exposición d'Alcornoque Cebreiro* na Irmandade da Cruña, que coma dixemos no número anterior foi a revelación d'un novo e forte artista.—*As novas correntes políticas da Galizia* por Arturo Noguerol Buján.—*As uñas do demo* (leenda) pol-o Conde de Bertandos.—*A transcendencia do noso movemento* artigos publicados por *O Comercio do Porto*, y-o *Journal de Noticias* da mesma vila sobre do renacemento das letras e das artes e do sentimento nazonalista en Galizia, D'isto ocupámonos aparte.—*Irlanda* (historia dos Movimentos nacionalistas).—*Leonardo de Coimbra* por Johan Viqueira.—*Escoita tí, literato rico e*

vanidoso por Castelao.—*O irri da política hespañola*.—*A millora propaganda* por Ramón Villar Ponte.—*O neno é así* por Rabiudranath Tagore.—*Peneirando*.

VIDA,

número 3, La Coruña

Temos recibido iste boletín imprentado na Cruña por rapaces, case todos eles estraños á nósra Terra, ó menos en espírito... NOS, que tén na casa colaboradores da famosa GRECIA de Sevilla, hoxe de Madrid, non pode por menos d' atopar moi ben que o cubismo se vaia metendo pouquiñ' a pouco nas páxinas de *Vida*—un dibuxo de Barradas, outro de Huici, un artigo interesante sobre d' arte rusa—moi pasenñantes e coma quen leva medo... Unha pasadiña mais, rapaces, que os nenúfares estavos murchos, y-os cisnes xa fedén!

LA REVUE DE L'EPOQUE,

numéros 10 et 11, Paris,

Octobre et Novembre 1920

Na lista de colaboradores d' iste notabel boletín, que dirixe en París Mr. Marcello-Fabri, e no que se ten falado xa das letras galegas, veñen moitos nomes xa de nós venerados nos tempos d' iniciación literaria: Gustavé Kahn, Vielé-Griffin, René Ghil, Paul Fort, Tristan Klingsor, Philéas Lebesgue, Albert Mockel, Paul Vulliamd, Saint-Pol-Roux.... O boletín trainos d' iste xeito a ledicia d' unha comunicación mensual c' os vellos mestres. *La Revue de l'Epoque* ven agora n-un formato mais pequeno, mais seica mais nutrida de lectura.

No número 10 son merecentes d' atención: *Essai sur l'œuvre d'art considérée comme une réaction* de Marcello-Fabri. A obra d' arte é unha reación do artista diante das suscitacións do século en que vive, sexa en forma d' *evasión* d' un mundo qu' il atopa ruín, sexa en forma d' *elevación* car' un soño que crea pra il un mundo novo, sexa en forma d' *agresión* contra do século. As formas enrabechadas d' agresión artística (cubismo, futurismo, dadaísmo) responden á dificultade qu' hoxe teñen os escritores novos pra coller sona... Recoñece o autor certos esforzos serios na *avant-garde*, e cita o nome d' Albert Gleizes que ven de publicar un libro sobr' o cubismo.—*Carl Spitzler, poète épique*, por L. Charles Baudouin.—*Des jeunes d'aujourd'hui* (sobre do escritor cubista Blaise Cendrars, ben coñecido da nósra élite) por Marcel Uillet.—Información sobre letras españolas (Galdós e Ramiro de Maeztu) pol-o escritor catalán J. Pérez Jorba.

No número 11: *Le Caractère véritable de l'Alchimie* pol-o Dr. R. Allendy.—*L'Oubli*, poema de Paul Fort.—*James Mac Wishtler* por George Maillet.—*Préface à un catalogue de littérature mondiale*, xigantesco record de publicidade do Comisariado d' Enseno da República dos Soviets, traducindo de total-as lingoas 1.500 volumes de a 320 páxinas, todo d' unha asentada... por Máximo Gorki.—*A l'Amante immortelle*, poema d' Albert Mockel.—*In memoriam Guillaume Apollinaire*, por Gaston Picard.—*Parmi les Recus*.

Dous artigos sobre da Bretaña: un de M. S. Henri en *La Revue de l'Ouest* do que o firmante do *compte-rendu* cita o seguinte párrafo: «En tanto que a Bretaña non sexa unha Provincia que viva unha vida política de seu e forte—en tanto que os Bretós non teñan un poderoso sentimento nacional en auto—non existirá verdadeira literatura bretona»—y-outro de Georges Lizerand en *La Grand Revue* ond' estudia o movemento particularista dos Bretós, son dous novos datos cheos d' intrés, sobre do renacemento dos pobos célticos, un dos feitos mais significativos dos nósros tempos.—*Letras catalanas* por Pérez Jorba sobre libros recentemente aparecidos.

A NÓSA TERRA,

5 Novembre, 1920-N.º 130-131

Trai: *Divagacións sobre do sentimento nazonalista*, conferencia lida na Irmandade da Cruña por Correa Calderón na que o nacionalismo *shun-feiner* d' ise mozo esgrevio e «enxebre com' os toxos» estráa en verbas d' unha audacia consoladora...—*Galicia en Cuba* por Camilo Díaz Seoane.—*Copia do mensaxe que os nazonalistas galegos dirixiron ós irmáns irlandeses*.—*A Serra* por Augusto d' Esaguy. *Tempo deserto* por Curros Henriquez.—Tradución da poesía publicada pol-o heróico Mac Swiney no *Kilkenng People*, ós 28 días d' ayuno. Esta poesía foi xa traducida a todol-os idiomas do mundo. Ela tén, tras da súa sinxeleza, a fondura saudosa dos grandes poemas.—*Verba qu' obriga a moito* por Ramón Villar Ponte.—*Follas secas* por A. Santos Vila.—*Vento e sol, Cuniña* por Enrique Batán, versos que se saen do corrente d' un xeito feliz.—*Lembranza de Lois Porteiro*, *O nóso morto* por Correa Calderón.—*Fai dous anos* por Ignacio Rodríguez, e unhas liñas da Redacción, en lembranza do irmán inesquecible que foi verbo e guía nos primeiros anos de loita.—*Irlanda e o lord Alcalde de Cork*.—*Carta do Vicecónsul de Portugal en la Guardia*.—*O monge e o pasarinho*, leenda rimada por J. J. Nunes.—*Follas novas*, sobre *La Flama* de Balaguer, unha obra teatral catalana, e *El idioma gallego* de Domingo Díez Estévez.

LA REVISTA. BARCELONA

Novembre XVI, MCMXX

Finances, conversa curiosa de dous burgueses, de moita actualidade, por R. Rucabado.—Francese Pujols comenta o tranfo dos artistas catalás no *Salón d' Ontono* de París.—*L' Ombra de Luther*, escrito d' Erfurt por J. M. Pi Suñer.—*El teatro del poble*, un ensayo de Jean Richard Bloch, no seu libro *Carnaval est mort*. Moi interesante pra nós, xa que nos colle nos comenzos do teatro galego. Mail-as vistas do autore están ó noso xuleio, trabucadas... Catro poemas de J. Salvat Papasseit, poeta d' *avant garde*, d' unha agudeza, ó mais perto da plena realización, do que ha sel-a poesía nova.—Outro poema de Joan Minguet.—*Libros*, sobr' unha exposición d' arte francés en Barcelona.—*Revistas*.

Ourense: Imprenta e Papelería de LA REGION

AGÜAS MINERO-MEDICINALES
BICARBONATADO-SÓDICAS
MONDARIZ



CASTAÑO

NÓS

FRÁBICA MECÁNICA DE CALZADO
DE

ANXEL SENRA

RÚA XUAN FLÓREZ

Depósito: Cantón Grande, 15 - A CRUNA

F. Román e Saco

DROGUERÍA

E FARMACIA

Pereira, 19

Teléfono, 28

OURENSE

"GRAN HOTEL ROMA.,

MONTADO CON TODO CONFORT E HIXENE MODERNOS :-: COCINA VARIADA E SANA

PENSIÓN COMPRETA DE 10 A 50 PESETAS

SITUADA NO MAIS CÉNTRICO DA CAPITAL

Progreso, 71

OURENSE

Teléfono, 73

TARIFA D'ANUNCIO

	Ordinario	Exclusivo
Unha plana	60 ptas.	120 ptas.
$\frac{1}{2}$ plana	30 "	60 "
$\frac{1}{4}$ plana	15 "	30 "
$\frac{1}{8}$ plana	7'50 "	

Na cuberta exterior e follas intercaladas antr' as do testo:

Unha plana	100 "	200 "
$\frac{1}{2}$ plana	50 "	100 "
$\frac{1}{4}$ plana	25 "	50 "
$\frac{1}{8}$ plana	12'50 "	

Os precios son por inserción. Nos abonos por mais de seis inserciós faise un desconto, no anuncio ordinario do 10 por 100 e nos exclusivos do 15 por 100.

XASTRERIA E CAMISERIA

♦ José María Rodríguez

Fanse camisas e traxes elegantes, cómodos e duradeiros.

Pereira, 2

Ourense

NUEVO BAZAR ♦ Ramón Fuga & H.^{nos}

Muebles, Louza, Cristal, Perfumeria, Merceria, Útiles de viaxe, Electricidá e pra regalos

Tendas 9 e 11

OURENSE

L'UNIÓN ♦ Compañia francesa de seguros contra incendios

Subdirector en Ourense Salvador Caneiro RUA DO INSTITUTO

AUTOMÓVILES OURENSE - VERÍN ♦ Puga Mangana H.^{nos}

SERVICIO DIARIO E RÁPIDO CON COCHES CÓMODOS DE MARCA ACREDITADA

ADMINISTRACIÓN: PROGRESO, 61.—OURENSE

TELÉFONO 118

1000

LEA V.

“Teoría d’o Nacionalismo Galego,,

POR VICENTE RISCO

Que lle dará luces pr’ enxergal-os probremas da nosa Terra

PRECIO: CINCO REAS

“A NOSA TERRA,,

BOLETIN DECENAL

Idearium das IRMANDADES DA FALA en Galicia e nas colonias galegas d’ América e Portugal

PRECIOS DE SUSCRICIÓN

Na Cruña 6 mes.	40 céntemos
Coste d’ un número	15 “
Fora, trimestre.	1’50 pesetas
América, id.	2’00 “

REDAUCIÓN Y-ADMINISTRACIÓN: PLAZA DE MARÍA PITA, 17, BAIXO. — A CRUÑA

“D’O ERMO,,

(POESIAS)

POR ANTON NORIEGA VARELA

Coste: 10 reás